

Revista
actividades
culturais e
deportivas
2021-2022



Concello de Miño
www.concellodemino.gal



Saída do Alcalde



Benqueridas veciñas e veciños:

Outro outono máis a revista de actividades do curso chega a vós e dáme oportunidade para saudarvos e para desexar que esteades ben de saúde. As vacinas e a protección dannos motivo de esperanza en superar estes tempos de pandemia, aínda coa obriga e a responsabilidade de manter as medidas de seguridade que nos van indicando periodicamente as autoridades sanitarias.

Con todo, isto non é impedimento para a nosa programación. Contamos con vós igual que sempre, ou mesmo máis tras este parón forzado pola COVID. Dende o Concello e as diversas entidades miñenses estamos desexando iniciar o curso 21-22 e retomar as actividades de sempre e iniciar proxectos novos, incluso a pesar do grande esforzo de abrir locais no contexto actual.

Veredes a continuación que as actividades, ademais de ser variadas e para todas as idades, cumprirán con todas as condicións para evitar contaxios.

Como novidades municipais este ano o Concello colabora coa ANPA nunha escola de idiomas, retoma as antigas clases de memoria (agora co nome de ACTIVAMENTE) e convoca un curso para Mestras da Costura. Tamén seguimos a convidar ás coidadoras para que participen nos obradoiros que nos ofrece a Fundación Mujeres, especificamente pensando neste colectivo ás veces esquecido.

Tentamos mellorar cada curso, na medida das posibilidades, e coas vosas propostas imos incorporando novas actividades ou mellorando as antigas. Miño ten moito que ofrecer, tamén actividades culturais e deportivas.

Entre tod@s melloramos Miño!

Manuel Vázquez Faraldo
ALCALDE

INFORMACIÓN SOBRE AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN/ HIXIÉNICO-SANITARIAS COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA PROVOCADA POLO VIRUS SARS CoV-2 (COVID-19)

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Cumprimento das medidas de prevención que poderá ser verificado polos distintos mecanismos de control establecidos polo concello.

Itinerarios de circulación diferenciados. División dos espazos con grupos diferenciados. Control de aforo e de asistencia.

Dispensadores de xel hidroalcohólico nos acceso ás instalacións municipais.

Redución da capacidade e do tempo de permanencia de persoas nas instalacións.

MEDIDAS PERSOAIS

Uso da máscara recomendado en todas as actividades e obrigatorio a partir dos 6 anos de idade. Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído, estar perfectamente axustada e usarse segundo as instrucións de renovación, reutilización etc. indicadas polo fabricante. Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria.

Hixiene de mans mediante o uso de xel hidroalcohólico con carácter previo e posterior ao desenvolvemento das actividades.

Evitar a asistencia as actividades en caso de presentar síntomas.

HIXIENE E LIMPEZA

Extremarase a limpeza das instalacións municipais destinadas ao desenvolvemento das actividades.

Realización dunha limpeza e desinfección xeral en todas as instalacións municipais previa ao inicio das actividades e nos períodos vacacionais.

Desinfección diaria dos espazos ocupados dentro das instalacións municipais entre o remate e o inicio da seguinte actividade.

Tarefas de ventilación diarias nas instalacións para acadar unha renovación do aire e garantir unha boa calidade deste, eliminando as partículas suspendidas nel e reducindo así o risco de transmisión do virus. Aumento na frecuencia de apertura de xanelas ou o grao de apertura destas.

Instalación de felpudo desinfectante para limpeza das solas do calzado antes do acceso ao centro social.

A maiores das pautas anteriores, en todo momento seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias competentes.



Obradoiros culturais municipais

ENCAIXE DE PALILLOS

Adultos de 18 anos en diante

Centro social da Rúa

Horario: Martes de 16:00 a 18:00 h

Medidas específicas: Cada persoa participante deberá contar co seu coxín e material individual.

MESTRAS DA COSTURA

Adultos de 18 anos en diante

Centro social da Rúa

Horarios: Mércores de 16:30 a 18:30 h

Descrición: Iniciación ao corte e confección de prendas e outros

Medidas específicas: Uso de material individual.

Desinfección de material grupal.



BAILES LATINOS E SALÓN

Adultos e mocidade de 16 anos en diante

Centro social da Rúa

Horario: Venres

De 19:00 a 20:00 h Clase Individual

De 20:00 a 21:00 h Parella Iniciación

De 21:00 a 22:00 h Parella Perfeccionamento

Medidas específicas: División da sala en dous espazos cun máximo de 6 persoas participantes por espazo.

CONECTA2 - INICIACIÓN

Adultos de 50 anos en diante

Centro social de Loios

Horarios: Martes de 18:30 a 20:00 h

Descrición: Actividade que pretende

formar ás persoas participantes no uso dos novos dispositivos móbiles intelixentes como son os smartphones e as tabletas.

Aprender de xeito ameno e práctico a navegar por internet, movernos polas redes sociais, etc.

Medidas específicas:

Necesario levar teléfono móbil ou tableta de uso individual.



CONECTA2 - AVANZADO

Adultos de 50 anos en diante

Centro social de Loios

Horarios: Xoves de 18:30 a 20:00 h

Medidas específicas: Necesario levar teléfono móbil ou tableta de uso individual.

ESCOLA CANINA:

MEU CAN É UN BO VECIÑO

Adultos de 18 anos en diante

Curso impartido pola ESCOLA CANINA

ELOA K9 nas súas instalacións e saídas prácticas en Miño

Datas e horarios: Curso cuatrimestral. Dúas edicións. Sábados de 11:00 a 13:00 h

1º cuatrimestre de outubro a xaneiro: Inicio o día 16 de outubro

2º cuatrimestre de febreiro a maio: Data por definir

Descrición: Clases grupais de obediencia canina básica. Nas clases aprenderemos a comunicarnos cos nosos cans e técnicas de manexo. Sempre desde o respecto ao can ensinarémolhe exercicios de autocontrol, prácticas para mellorar a súa atención nos paseos e obediencia básica para que o día a día co teu compañeiro sexa máis divertido, seguro e respectuoso co resto de veciños.

Medidas específicas: Grupos reducidos. Actividade ao aire libre segundo a climatoloxía.



CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

Requisitos: Ter cumpridos os 18 anos. Ter Graduado en Educación Secundaria (ESO), Graduado Escolar ou outro equivalente ou ben técnico Auxiliar en Formación Profesional ou outro equivalente.

Curso impartido no Concello de Miño por unha escola oficial de tempo libre.

Modalidade presencial e curso intensivo. Medidas de seguridade COVID-19.

Datas e horarios por definir. **Proximamente máis información.**

Biblioteca Pública Concepción Arenal de Miño

CLUBE DE LECTURA:

Lectura ENCaMiño

Adultos de 18 anos en diante
Biblioteca municipal

Curso impartido por **Rober H.L.Cagiao**, autor da saga de **El Guardián de las Flores**.

Horarios: O 1º e 3º mércores de cada mes de 19.00 a 20.30 h

Descrición: Actividade destinada ó fomento da lectura a través dun libro consensado polo grupo nas diferentes sesións para posteriormente levar a reflexión e a debate entre as persoas participantes

Medidas específicas: Cada participante terá que levar o seu material individual



LER CONTA MOITO

29 de setembro, ás 18:00 h

Proyecto Bublulu con
"Contos do Revés"

ler
conta moito

7 de outubro, ás 11:30 h

Bandullo Azul con

"Filipa cos contos". Visita da Escola Unitaria de Bemantes



Servizo de normalización lingüística

FalaRedes. Programa de Dinamización Lingüística

13 de novembro ás 12:00 h. no centro social da Rúa

Actuación da compañía **VIRAVOLTA TÍTERES** co espectáculo "**Menú de Refectorio**"



Pensando nas persoas maiores

ACTIVAMENTE

Obradoiros de memoria e moito máis

Centro social da Rúa en Miño en horario de mañá e centros sociais de Bemantes, Callobre, Carantoña e Perbes en horario de tarde.

SERVIZO DE PODOLOXÍA

Centro social da Rúa

Con cita previa chamando aos teléfonos de Servizos Sociais: 981 784 405 / 981 782 659

Actividade de conciliación e apoio


SERVIZO DE ATENCIÓN A COIDADORAS

Persoas destinatarias: Para aquelas persoas que son ou foron cuidadoras de persoas dependentes

Datos e horarios: Os martes de 16:30 a 18:30 h

- Hábitos saudables: 5, 19 e 26 de outubro
- Autoestima: 2, 9 e 16 de novembro
- Escoita activa: 23 e 30 de novembro

Fundación Mujeres



Escolas deportivas municipais

PADEL

Infantil/Xuvenil de 6 a 17 anos
Pistas Polideportivas da Galea
Horarios: Luns

1º grupo: Iniciación de 18:15 a 19:15 h
2º grupo: Perfeccionamento de 18:15 a 19:15 h

Nº de participantes: Máximo 6 por grupo
Medidas específicas: O horario pode variar, mostrándose flexible e adaptándose as condicións climáticas. Cada participante deberá dispor da súa propia raqueta. Grupo reducido. Actividade ó aire libre.



TENIS

Infantil/Xuvenil de 6 a 17 anos
Pistas Polideportivas da Galea
Horarios: Mércores de 18:15 a 19:15 h (adaptable ós posibles cambios debido as condicións climáticas).
Nº de participantes: Máximo 6 por grupo
Medidas específicas: Cada participante deberá dispor da súa propia raqueta. Grupo reducido. Actividade ó aire libre.

NATACIÓN

Infantil/Xuvenil de 4 a 16 anos
Piscina Municipal de Pontedeume
Saída da rúa do Mercado
Horarios: Venres
1º turno: de 17:30 a 18:15 h
2º turno: de 18:15 a 19:00 h
Nº de participantes: Máximo 22 nenos/as por quenda
Medidas específicas: Uso obrigatorio da máscara nas instalacións da piscina, con independencia da idade. As persoas participantes deberán levar un recipiente para gardar a máscara antes da entrada na auga. Tamén deberán levar o bañador por debaixo da roupa. Aforo limitado nos vestiarios. Reforzo de monitorado. Grupos reducidos. Colocación en autobús seguindo as medidas preventivas.



PATINAXE

Nenos/as de 4 a 14 anos
Pavillón Municipal de deportes
Horarios: Venres
1º grupo: Non sabe patinar de 17:10 a 18:00 h
2º grupo: Sabe patinar de 18:10 a 19:00 h
Prezo mensualidade: 12€ a aboar no pavillón o 1º venres de cada mes.

Medidas específicas: Grupos reducidos. As persoas participantes acudirán coas proteccións xa colocadas para unicamente poñerse os patíns no pavillón. As persoas acompañantes non poderán permanecer na instalación.

XIMNASIA RÍTMICA

Nenos/as de 3 anos en diante
Pavillón Municipal de deportes
Horarios: Mércores de 17:00 a 18:00 h
Medidas específicas: Grupo reducido. As persoas acompañantes non poderán permanecer na instalación.



BICIESCOLA BT

Nenos/as de 7 a 14 anos
Local do Miñotauros Clube ciclista en Bra
Horarios: Xoves de 16:00 a 18:00 h
Descrición: Actividade destinada para o fomento do uso da bicicleta entre nenos/as e mozos/as e para aqueles que desexen desenvolver as súas habilidades sobre a bici de montaña: clases de técnica, obstáculos, estratexia, mecánica (adaptado a cada grupo) e circulación viaria segura. Con carácter xeral, as actividades serán ó aire libre en rutas circulares e espazos acotados.
Medidas específicas: Cada participante contará co seu material persoal e individual.

ATLETISMO

Nenos/as de 5 a 12 anos
Priorízase a actividade ao aire libre
Horario: Martes de 16:30 a 18:00 h
Descrición: Actividade de iniciación ó atletismo a través de xogos
Medidas específicas: Grupo reducido. Actividade ó aire libre.

PILATES

Adultos de 18 anos en diante

Centro Social da Rúa

Horario de mañá: Luns e mércores de 10:00 a 11:00 h

Horario de tarde: Luns e mércores de 20:00 a 21:00 h

Medidas específicas: División da sala en dous espazos cun máximo de 6 persoas participantes por espazo. Material de uso individual. Desinfección de material grupal.

IOGA

Adultos de 18 anos en diante

Centro Social da Rúa

Horario de mañá: Martes e xoves de 11:00 a 12:00 h

Horario de tarde: Martes e xoves de 20:00 a 21:00 h

Medidas específicas: División da sala en dous espazos cun máximo de 6 persoas participantes por espazo. Material de uso individual. Desinfección de material grupal.



ZUMBA

Adultos de 18 anos en diante

Centro Social da Rúa

Horario: Luns e mércores de 18:45 a 19:45 h

Medidas específicas: División da sala en dous espazos cun máximo de 6 persoas participantes por espazo. Material de uso individual. Desinfección de material grupal.



3. Non se aboará o prezo público da actividade ata que o persoal técnico do servizo de cultura e deportes faga comunicación da confirmación de praza na actividade/s elixida. A taxa será aboada preferentemente por medios telemáticos.

Medios de presentación: (preferiblemente por vía electrónica)

Presenciais: No Rexistro Municipal do Concello de Miño. (Poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.)

Tramitación de solicitudes presenciais: Preferentemente para persoas de novo ingreso nas actividades. Consultas e información.

TELÉFONOS INFORMACIÓN:

Servizos Sociais: 981 782 659 / 981 784 405

Cultura: 627 459 382

Deportes: 604 004 439

Telemáticos: Para a presentación das solicitudes por vía electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Miño, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Procedemento: https://sede.concellodemino.gal/opencms/es/procedimientosytramites/index.html#actividades_culturales_deportivas

PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓNS

Prazos de presentación: Do 22 ao 30 de setembro

Data de inicio das actividades: 4 de outubro de 2021

Impresos de solicitude:

- Estarán a disposición das persoas interesadas no recibidor da Casa do Concello.
- Disporán dos impresos para a súa descarga na páxina web do Concello, www.concellodemino.gal e na sede electrónica sede.concellodemino.gal
- Poderán solicitar os impresos no enderezo electrónico cultura.deportes@concellodemino.gal

Procedemento:

1. Cumprimentar o impreso de solicitude correspondente.
2. Presentar a solicitude no Rexistro Municipal do Concello de Miño, mediante medios presenciais ou telemáticos.

PREZOS PÚBLICOS DOS SERVIZOS CULTURAIS E DEPORTIVOS

- **De 3 a 18 anos:** 42,35€ / cuadrimestre
- **De 19 a 59 anos:** 53,13€ / cuadrimestre
- **De 60 anos en diante:** 40,04€ / cuadrimestre
- **Autobús Natación:** 21,56€ / cuadrimestre
- **No caso das actividades tarifadas anteriormente para as actividades aplicaranse as seguintes reducións:**
 - a) No caso de matricularse dous irmáns, a bonificación para a familia será do 25% sobre o prezo total
 - b) No caso de matricularse tres irmáns, a bonificación para a familia será do 50% sobre o prezo total

LUNS	MARTES	MÉRCORES
<p>PILATES 10:00 a 11:00 h Centro social da Rúa</p>	<p>IOGA 11:00 a 12:00 h Centro social da Rúa</p>	<p>PILATES 10:00 a 11:00 h Centro social da Rúa</p>
<p>PADEL GRUPO 1 18:15 a 19:15 h Pistas da Galea 1</p>	<p>ENCAIXE DE PALILLOS 16:00 a 18:00 h Centro social da Rúa</p>	<p>MESTRAS DA COSTURA 16:30 a 18.30 h Centro social da Rúa</p>
<p>PADEL GRUPO 2 18:15 a 19:15 h Pistas da Galea 2</p>	<p>ATLETISMO 16:30 a 18:00 h Pistas da Galea</p>	<p>XIMNASIA RÍTMICA 17:00 a 18:00 h Pavillón municipal</p>
<p>ZUMBA 18:45 A 19:45 h Centro social da Rúa</p>	<p>CONECTADOS INICIACIÓN 18:30 a 20:00 h Centro social da Loios</p>	<p>TENIS 18:15 a 19:15 h Pistas da Galea</p>
<p>PILATES 20:00 a 21:00 h Centro social da Rúa</p>	<p>IOGA 20:00 a 21:00 h Centro social da Rúa</p>	<p>ZUMBA 18:45 A 19:45 h Centro social da Rúa</p>
		<p>CLUBE DE LECTURA: Lectura EnCAMIÑO 19:00 a 20:30 h Centro social da Rúa</p>
		<p>PILATES 20:00 a 21:00 h Centro social da Rúa</p>

XOVES	VENRES	SÁBADO
<p>IOGA 11:00 a 12:00 h Centro social da Rúa</p>		<p>ESCOLA CANINA 11:00 a 13:00 h Instalacións Escola Canina Eloa K9</p>
<p>BICIESCOLA BTT 16:00 a 18:00 h Local do Miñotauros Clube Ciclista</p>	<p>NATACIÓN 17:30 a 19:00 h Rúa do Mercado-Piscina municipal de Pontedeume</p>	
<p>CONECTADOS AVANZADO 18:30 a 20:00 h Centro social de Loios</p>	<p>PATINAXE GRUPO 1 17:10 a 18:00 h Pavillón municipal</p>	
<p>IOGA 20:00 a 21:00 h Centro social da Rúa</p>	<p>PATINAXE GRUPO 2 18:10 a 19:00 h Pavillón municipal</p>	
<p></p>	<p>BAILES SALÓN E LATINOS Clase individual 19:00 a 20:00 h Centro social da Rúa</p>	
<p></p>	<p>BAILES SALÓN E LATINOS Parella iniciación 20:00 a 21:00 h Centro social da Rúa</p>	
<p></p>	<p>BAILES SALÓN E LATINOS Parella perfeccionamento 19:00 a 20:00 h Centro social da Rúa</p>	

Outras entidades



ASOCIACIÓN VECIÑAL XARÍO

ACTIVIDADES CURSO 2021-2022

Inglés: martes e xoves tardes.

Clases para todas as idades e alumnado de todos os niveis: primaria, eso, bacharelato e adultos.

Os horarios vainos determinar a profesora segundo os grupos.

IOGA: luns e mércores de 20:30 - 21:30 h

PILATES: luns e mércores de 19:15 - 20:15 h

XIMNASIA DE MANTENIMENTO: martes e xoves de 20:00 - 21:00 h

BORDADO: mércores de 16:00 - 19:00 h

PINTURA E MANUALIDADES: nenos/as: venres de 16:00 - 17:30 h **adultos:** venres de 17:30 - 19:30 h

MÚSICA (PIANO E GUITARRA): clases para todas as idades
Os horarios vainos determinar os profesores, día e horas.

ZUMBA: martes e xoves de 19:00 - 20:00 h

XIMNASIA RÍTMICA: venres tarde e sábados pola mañá.

Os horarios vainos determinar a profesora segundo os grupos.

CLASES DE MEMORIA: O horario vaino determinar o concello: día e hora.

As actividades comezarán na semana do 4 de outubro.

Matricula: será no local social os días 27, 28, 29 e 30 de setembro, en horario de 17:00 a 19:00 h

Importantísimo: todo o alumnado ten que estar matriculado antes de asistir ás clases

SEGUIRASE EXTRICTAMENTE TODO O PROTOCOLO E NORMATIVA COVID ESTABLECIDA POLO CONCELLO.

TELÉFONOS DE INFORMACIÓN:

ÁNXELES 649 744 791 • FRAN 647 125 144

MARÍA 636 401 217



AMAS DE CASA MIÑO – ASOCIACIÓN DE TEMPO LIBRE NUESTRA SEÑORA

- **MANUALIDADES:** Luns de 16:30 a 18:30 h

Máis información, os luns no Local social das Amas de Casa, Usuarios e Consumidores de Miño (O Curro, Miño)

CLUB DEPORTIVO NÁUTICO DE MIÑO

Porto de Miño. **PIRAGÜISMO**

Horarios: De luns a sábado de 16:00 a 20:00 h en función da categoría

Idades: A partir de 8 anos

Máis información na web www.cdnmino.org • no email cdnmino@gmail.com
e nos teléfonos 610 173 542 / 676 317 917



ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A IRMANDADE"

Como todos os anos ao servizo dos nosos veciños, esta Asociación realizará as seguintes actividades para este curso 2021/2022, mantendo as medidas de seguridade marcadas polas Autoridades Sanitarias. Neste curso a Asociación de Veciños "A Irmandade" de Bemantes, ofertará as seguintes actividades:

- **CLASES DE INGLÉS.** Grupos reducidos.
- **IOGA.** En grupos de 10 asistentes máximo. Días: Martes ou xoves. (Variable)
- **SPINNING.** En grupos de 10 asistentes máximo. Días Martes ou xoves.
- **CLASES DE MANUALIDADES, RESTAURACIÓN E TAPICERÍA.** En Grupos de 10 asistentes máximo.
- **IUDO.** Grupo reducidos. Os asistentes instruiranse nesta disciplina, cumprindo a **NORMATIVA SANITARIA** da Real Federación Galega de Judo, supervisados polo instructor.
- **CURSO DE PODA.** Máximo 20 asistentes.

O prezo das actividades publicárase na páxina de Facebook da Asociación, para calquera consulta máis detallada, poñerse en contacto cos membros da Xunta Directiva.

O **Horario de servizo da biblioteca**, será o seguinte:

- Luns, Martes e Mércores de 18:30 a 20:30 h
- Xoves e Venres de 16.00 horas a 18:00 h

O aforo permitido será de 6 persoas. Todas aquelas actividades que non se alcance o mínimo establecido, polo menos para formar un Grupo, non se realizarán. Tomaranse todas as medidas sanitarias necesarias para poder realizar as actividades con total seguridade.

As actividades deportivas realizánsese na parte baixa do local da Asociación, onde se dispón dun espazo suficiente para manter como mínimo, os dous metros de distancia social con total seguridade. Dispoñerase do necesario para hixienizar os utensilios deportivos comúns.

O local dispón de varios servizos, (aseos, calefacción...). O resto de actividades poderán realizarse nunha ou outra planta do local, a criterio do seu profesor.

Teléfonos de contacto:

Toño 676 704 142 • Geni 615 354 946
David 649 263 088 • Miguel 676 855 462

Ou avisar a calquera membro da Xunta Directiva da Asociación.

DATA DE INSCRIPCIÓN PARA SOLICITUDES, DESDE O DÍA 15/9/2021 ATA O 01/10/2021. DATA PROBABLE INICIO A PARTIR DO 02/10/2020 OU CANDO SE FORME UN GRUPO DE ACTIVIDADE.



ESCOLA DE FUTBOL DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA MIÑO

Campo de Fútbol Municipal de Gallamonde

Entrenamientos los MARTES y los JUEVES en el siguiente horario:

Biberones (nacidos 2016 y 2017): 16:15 - 17:15 h

Prebenjamines (nacidos 2014 y 2015): 16:15 - 17:15 h

Benjamines (nacidos 2012 y 2013): 17:00 - 18:15 h

Alevines (nacidos 2010 y 2011): 17:15 - 18:30 h

Infantiles (nacidos 2008 y 2009): 18:00 - 19:15 h

Cadetes (nacidos 2006 y 2007): 18:30 - 19:45 h

Juveniles (nacidos 2003, 2004 y 2005): 19:15 - 20:30 h

A.D. MIÑO
TEMPORADA 2021/2022

¡JUEGA CON NOSOTROS...
TÚ ERES NUESTRO MEJOR FICHAJE!

Si te gusta jugar al fútbol, quieres divertirse practicando deporte con tus amigos y tienes entre 4 y 18 años, ¡apúntate en nuestro club...
¡AQUÍ HAY UN SITIO PARA TI!

¡CATEGORÍAS:
BIBERON: Nacidos en los años 2016 y 2017
PREBENJAMINES: Nacidos en los años 2014 y 2015
BENJAMINES: Nacidos en los años 2012 y 2013
ALEVINES: Nacidos en los años 2010 y 2011
INFANTILES: Nacidos en los años 2008 y 2009
CADETES: Nacidos en los años 2006 y 2007
JUVENILES: Nacidos en los años 2003, 2004 y 2005

MÁS INFORMACIÓN E INSCRIPCIONES:
☎ 629221516 ó 670648360
✉ info@admiño.es



ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA E DEPORTIVA O CASTRO

HORARIOS ACTIVIDADES:
CURSO 2021-2022

GRUPOS TRADICIONAIS GAITA E PERCUSIÓN TRADICIONAL

Xoves

Percusión tradicional	20:00 a 21:00 h
Grupo Gaitas O CASTRO	21:00 a 22:00 h

BAILE E PANDEIRETA

Venres

Pandereta Arines	17.00 a 18.00 h
Baile Arines	18.00 a 19.00 h
Pandereta Lanzalía e Raxel	19.00 a 20.00 h
Baile Feital	20.00 a 21.00 h
Pandereta Lilaina	21.00 a 22.00 h

Sábados

Pandeireta Iniciación I.	10.30 a 11.15 h
Baile Iniciación I.	11.15 a 12.00 h
Pandeireta Iniciación II.	12.15 a 13.00 h
Baile Iniciación II.	13.00 a 13.45 h

RONDALLA

Martes

Rondalla Senior	17.00 a 18.00 h
Rondalla Iniciación	18.00 a 19.00 h
Rondalla Iniciación II	19.00 a 20.00 h
Rondalla O'CASTRO	20.00 a 21.00 h

CORAL

Martes

21.00 a 22.00h

Comezo semana do 13 de setembro.

Inscripción no local social en horario de clases e na seguinte ligazón

<http://www.asociacionocastro.org/preinscripcion.html>

Travesía García Picos, 7 baixo

Novo número de teléfono do local social:
981 78 25 54

Máis información: info@asociacionocastro.org

Facebook: @acrdocastro



Deputación
DA CORUÑA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2021-2022

- NON SOCIOS PAGAN 18,00€ DE MATRÍCULA POR ACTIVIDADE E NEN@
- AS INSCRICIÓNS FORMALIZARANSE ENVIANDO O FORMULARIO CUBERTO AO CORREO: extraescolarescastrobaxoi@gmail.com.
(O formulario pódese descargar na web: anpastrobaxoi.gal no menú formularios ou acceder mediante a APP da Anpa na pestana de extraescolares.)
- Deberase cumprimentar o documento de declaración de responsabilidade e seguir os pasos do punto anterior.
- INSCRICIÓNS: DO 22 DE SETEMBRO AO 1 DE OUTUBRO.
- AS INSCRICIÓNS REALIZARANSE SEGÚN ORDE DE RECEPCIÓN DE SOLICITUDES.
- AS ACTIVIDADES COMEZARÁN O LUNS 4 DE OUTUBRO.
- A LICENZA ÚNICA DE JUDO ESTE ANO É DE 22€
- OS PAGOS REALIZARANSE MENSUALMENTE POR DOMICILIACIÓN BANCARIA.
- O PREZO DAS ACTIVIDADES SERÁ DE 18€/MES, AGÁS ROBÓTICA QUE SERÁ DE 35€/MES.
- NAS ACTIVIDADES DE JUDO E XADREZ O PREZO INCLUE OS DOUS DÍAS
- NAS ACTIVIDADES DE PEQUEMANITAS E ARTIST OS PARTICIPANTES APORTARAN MATERIAL INDIVIDUAL NO CASO DE PRECISALO.
- PARA O COMEZO DA ACTIVIDADE PRECISARASE ALCANZAR UN MÍNIMO DE ALUMNOS. HABERÁ UN GRUPO MÁXIMO POR ACTIVIDADE, QUE PODERÁ VARIAR DEPENDENDO DAS RESTRICCIÓNS POR PROTOCOLO COVID.

*(E.P. = Educación Primaria)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PSICOMOTRICIDADE Infantil a 2º E.P. 16.00 a 17.00 h	JUDO Infantil e Primaria 16:00 a 17.00h	MULTIDEPORTE De 3º a 6º E.P. 16.00 a 17.00 h	JUDO Infantil e Primaria 16:00 a 17.00 h	BALONCESTO De 1º E.P. a ESO 16.00 a 17.00 h
ROBÓTICA LEGO De 1º a 3º E.P. 16.00 a 17.00 h	Aventura 1 De 1º a 3º Primaria 16.00 a 17.00 h	PEQUEMANITAS Infantil a 1º E.P. 16.00 a 17.00 h	MASTER CHEF A partir de 3º E.P. 16.00 a 17.15 h	OBRAD. MANGA De 3º E.P. a ESO 16.00 a 17.00 h
	MINI CHEF Infantil a 2º E.P. 16.00 a 17.15 h	ESCOLA DE MÚSICA De 4º a 6º E.P. 16.00 a 17.00 h	OBRAD. LITERARIO De 4º E.P. a ESO 16.00 a 17.00 h	HIP-HOP De 4º E.P. a ESO 17.00 a 18.00 h
ZUMBA 2 De 4º a 6º E.P. 17.00 a 18.00 h	XADREZ A partir de 1º E.P. 17.00 a 18.00 h	MÚSICA E MOVEMENTO Infantil a 2º E.P. 17.00 a 18.00 h	XADREZ A partir de 1º E.P. 17.00 a 18.00 h	ZUMBA G1 Infantil a 3º E.P. 17.00 a 18.00 h
ROBÓTICA LEGO De 4º a 6º E.P. 17.00 a 18.00 h	AVENTURA 2 De 4º E.P. a ESO 17.00 a 18.00 h	ARTIST A partir de 2º E.P. 17.00 a 18.00	IOGA INFANTIL Infantil e Primaria 17.00 a 18.00 h	PARKOUR De 3º E.P. a ESO 17.00 a 18.00 h
	BALLET Infantil e Primaria 17.00 a 18.00 h			



ANPA CPI CASTRO RAXOI

ESCOLA DE IDIOMAS DE MIÑO

Pre-reserva: Do 22 ao 29 de setembro <https://www.getbrit-idiomas.es/matriculate/>



Configuración dos grupos: 1 de outubro

Formalización de matrícula: Do 4 ao 8 de outubro

	MON	TUE	WED	THU	FRI
16:00 - 16:50	PRIMARIA (1° - 2° EP) GRUPO 1 (2014-2015) 6-7 AÑOS	PRIMARIA (3° - 4°) GRUPO 1 (2012-2013) 8-9 AÑOS	PRIMARIA (1° - 2° EP) GRUPO 1 (2014-2015) 6-7 AÑOS	PRIMARIA (3° - 4°) GRUPO 1 (2012-2013) 8-9 AÑOS	PRIMARIA 5 (5°-6°) GRUPO 1 (2010 -2011) 10 - 11 AÑOS
17:00 - 17:50	INFANTIL GRUPO 1 3-4 anos	INFANTIL GRUPO 2 4-5 anos	INFANTIL GRUPO 1 3-4 anos	INFANTIL GRUPO 2 4-5 anos	PRIMARIA (3° - 4°) GRUPO 2(2012-2013) 8-9 AÑOS
18:00 - 18:50	PRIMARIA (1° - 2°) GRUPO 2 (2014/2015) 6 - 7 AÑOS	PRIMARIA 5 (5°-6°) GRUPO 1 (2010 -2011) 10 - 11 AÑOS	PRIMARIA (3° - 4°) GRUPO 2(2012-2013) 8-9 AÑOS	PRIMARIA (1° - 2°) GRUPO 2 (2014/2015) 6 - 7 AÑOS	ESO/BACH B2
19:00 - 19:50	A2 TEENS 6° EP - 1° Y 2° ESO 2008 -2009-2010	ESO B1	A2 TEENS 6° EP - 1° Y 2° ESO 2008 -2009-2010	ESO B1	ESO/BACH B2
20:00 - 20:50	BACH Y ADULTOS B2	BACH Y ADULTOS B1	BACH Y ADULTOS B2	BACH Y ADULTOS B1	
21:00 - 21:50	ADULTOS CONVERSACIÓN	ADULTOS INICIACIÓN A1-A2	ADULTOS CONVERSACIÓN	ADULTOS INICIACIÓN A1-A2	



ACTIVIDADE DE CONCILIACIÓN 2021-2022

- NESTA ACTIVIDADE @S NEN@S PODERÁN DESFRUTAR DE DIFERENTES XOGOS E ACTIVIDADES LÚDICAS E DEPORTIVAS, COMO XOGOS TRADICIONAIS, DEPORTES VARIOS, CONTACONTOS, XOGOS DE MESA... ENTRE OUTRAS MOITAS PROPOSTAS.
- NON SOCIOS PAGAN 18,00€ DE MATRICULA POR ACTIVIDADE E NEN@
- AS INSCRICIÓNS FORMALIZARANSE ENVIANDO O FORMULARIO CUBERTO AO CORREO: extraescolarescastrobaxoi@gmail.com.
(O formulario pódese descargar na web: anpacastrobaxoi.gal no menú formularios ou acceder mediante a APP da Anpa na pestana de
- Deberase cumprimentar o documento de declaración de responsabilidade e seguir os pasos do punto anterior.
- OS PAGOS REALIZARANSE MENSUALMENTE POR DOMICILIACIÓN BANCARIA.
- DESCONTOS POR IRMÁNS.

2 HORAS	5 DÍAS /SEMANA	16:00 A 18:00	80€/MES
1 HORA	5 DÍAS/ SEMANA	16:00 A 17:00	40€/MES

2 HORAS	5 DÍAS /SEMANA	16:00 A 18:00	200€/ TRIMESTRE
1 HORA	5 DÍAS/ SEMANA	16:00 A 17:00	120€/ TRIMESTRE

BONO 5 DÍAS	ESPORÁDICO	16:00 A 17:00	40€
BONO 10 DÍAS	ESPORÁDICO	16:00 A 17:00	60€

- BONOS CONCILIA:

PODERÁS MERCAR O TALÓN DOS BONOS A TRAVÉS DO TELÉFONO 699 551 204 (Juanjo)
Mercaranse de forma presencial e serán nominativos e intrasferibles.





Concello de Miño

www.concellodemino.gal

DEPORTE  EN **CaMiño**

CULTURA  EN **CaMiño**



**Deputación
DA CORUÑA**



**XUNTA
DE GALICIA**